

*Procedemento* Subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de obras co fin de minimizar as perdas de auga en entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2024.

*Código* AU301E

*Bases reguladoras* Resolución do 29 de decembro de 2023 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de obras co fin de minimizar as perdas de auga en entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2024 mediante tramitación anticipada de gasto (código de procedemento AU301E).

*Publicación* Diario Oficial de Galicia núm. 20, do 29 de xaneiro de 2024.  
[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240129/AnuncioO143-050124-0007\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240129/AnuncioO143-050124-0007_gl.html)

*Trámite* **Resolución de solicitude de subvención**

Expediente: AU301E2024-89

## ANTECEDENTES

1. Esa entidade local solicitou unha subvención para a execución de obras co fin de minimizar as perdas de auga en entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia, ao abeiro do establecido na Resolución do 29.12.2023.
2. Revisada a solicitude e documentación presentada, e tramitado o procedemento consonte ao previsto nas bases reguladoras, o 27.06.2024 o instrutor do procedemento ditou proposta de resolución para conceder a solicitude de subvención presentada.

## CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

I. A dirección de Augas de Galicia é competente para resolver de conformidade co disposto na disposición adicional primeira da Resolución do 29.12.2023, citada.

II. O artigo 17.2 da Resolución do 29.12.2023 dispón que unha vez realizada a proposta de resolución, o órgano competente para resolver ditará a resolución respecto de cada unha das solicitudes admitidas a trámite en que acorde o outorgamento da subvención ou ben a desestimación ou a non concesión por desistencia, renuncia ao dereito ou imposibilidade material sobrevida.

Consonte ao exposto, esta dirección **RESOLVE** conceder a subvención solicitada segundo o detalle que se indica.

De conformidade co previsto no artigo 19 da Resolución do 29.12.2023, xa citada, a entidade local beneficiaria dispón dun prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución de concesión, para comunicar a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/portada>) a aceptación da subvención e das condicións contidas nela, ou ben comunicar a renuncia á subvención concedida. Transcorrido o prazo sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada a subvención, de conformidade co artigo 21.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Unha vez aceptada a subvención a entidade local queda obrigada a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foi concedida e ao resto de obrigas que se recollen nas bases reguladoras.

Particularmente debe terse en consideración que as entidades beneficiarias deberán dar a adecuada publicidade ao carácter público do financiamento da actuación obxecto da subvención, mediante a colocación do cartel que se achega con esta resolución, nun tamaño mínimo A3 instalado no ámbito do proxecto ou, de non ser posible, nas oficinas da entidade. De realizarse comunicacións á prensa e aos medios informativos sobre a actuación subvencionada, debe facerse mención expresa á subvención concedida por Augas de Galicia.

De acordo co previsto no artigo 22 da Resolución do 29.12.2023, xa citada, na redacción dada pola Resolución da dirección de Augas de Galicia do 25.06.2024, o prazo para a presentación da documentación xustificativa da subvención rematará o 12 de novembro de 2024, sen prexuízo de que se poida presentar a dita documentación con anterioridade para a súa tramitación.

Contra a resolución poderá interpoñerse a través da sede electrónica, ante a dirección de Augas de Galicia, recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación. Alternativamente, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, ante os xulgados do contencioso-administrativo da cidade de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución.

#### **Detalle da subvención concedida:**

Actuación: COLOCACIÓN DE CONTADORES DE AUGA DE CONSUMO INDIVIDUAL NA REDE DE BAIXA DO CONCELLO DE XERMADE  
Importe da subvención: 37.003,24 €  
Entidade local: CONCELLO DE XERMADE  
NIF CONCELLO: P2702100E

A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade  
PD. O director de Augas de Galicia  
(Disposición adicional primeira da Resolución do 29.12.2023, DOG núm. 20, do 29.01.2024)  
Roi Fernández Añón  
*Documento asinado electronicamente.*

CONCELLO DE XERMADE  
P2702100E  
xermade@xermade.org

